

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO E ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN CARACAS, VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos de funcionamento da Oficina de Información da Hermandad Gallega de Venezuela situada na súa propia sede, e contribuír á atención do colectivo galego de emigrantes residentes en Caracas ou na súa área xeográfica que se atopen en situación de necesidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para conseguir o obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia no país caribeño que agrupa actualmente a máis de oito mil socias e socios emigrantes galegos e a súa descendencia, representativos da importante colonia galega residente en Caracas e a súa área xeográfica, colectivo de persoas ás que están dirixidos os programas e as actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

Por un lado, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela o 3 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento a través da que se está a desenvolver un labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, cun incremento moi importante da actividade debido a situación que está vivindo o país.

Por outra banda, a entidade está a desenvolver unha importante política social, asistencial e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo non dispón da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os



seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

É interese de ambas as partes manter e reforzar a súa colaboración, por unha banda, na prestación dos servizos de información, asesoramento e xestión que esta oficina facilita a todas as persoas integrantes da comunidade galega residente en Venezuela en todos os programas e as actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, exercendo ao mesmo tempo un labor de coordinación cos distintos puntos de información establecidos ao longo de todo o país; por outra banda, no mantemento do labor social, asistencial e sanitario orientado ás persoas residentes galegas que se atopan en situación de necesidade.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrència pública, de acordo co disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará cincuenta e cinco mil euros (55.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

